



De esquerda a dereita, Antonio Reigosa, Francisco Macías, Carmen Basadre e Lois Pérez. J. VÁZQUEZ

«Era como a primavera desta cidade de neboeiros e tantas veces griseira»

► Familiares e amigos de Isidro Novo acudiron onte ao Vello Cárcere de Lugo á presentación do libro 'CO2', o «lúcido e honesto» derradeiro poemario do escritor, falecido o pasado febreiro

MARTA VEIGA
* mveiga@elprogreso.es

LUGO. Isidro Novo era «lamotiano», sinala Lois Pérez, no sentido de que como o Ramón Lamote creado por Paco Martín paseaba e conformaba a súa idea de cidade: os seus cafés, os billares, os espazos públicos. Cando faleceu, en febreiro deste ano, os lugueses botaron de menos a súa presenza amable. Onte, no Vello Cárcere de Hollywood —bosque sagrado, literalmente, en inglés—, o nome co que bautizara a súa cidade, os seus

familiares e amigos presentaron o último traballo que publicara, o poemario 'CO2' (Positivas).

Relata Antonio Reigosa que a Novo só lle faltaba a data para presentar este traballo. «Quería facelo na Trama e xa lle dixera a Lois Pérez que desexaba que fose el quen o acompañase». Os problemas de saúde que desencadearon o seu prematuro falecemento impediron que aquela cita se celebrase. «Agora, Loli [a viúva] e a familia pensaban que era o momento de que se cumprise o seu desexo de

presentar o libro», engade Antonio Reigosa.

Bruno, fillo do autor, asegura que na familia se senten «moi arroupados ante a perda». «É cedo aínda para nós, pero o feito de que Isidro sexa unha persoa tan querida axúdanos a nós». Cando se producía esta conversa, un par de horas antes do evento, Bruno López contaba que o feito de que Area, neta de Isidro, fose unha das persoas que lerían os poemas —a carón de Marica Campo, Darío Xohán Cabana, Luis Valle, Toño

Núñez e Xosé Miranda— «apelaba directamente aos sentimentos».

«Ela desde o primeiro momento quixo facelo. É moi consciente de que non é só recitar un poema, senón recitar ao seu avó. Sabemos que a Isidro lle gustaría moito», concluiu Bruno López.

Antonio Reigosa está certo de que calquera que tratou algunha vez a Isidro Novo, aínda que fosen un par de cafés, quedaba preso dun carácter optimista e solleiro, dunha personalidade amable e luminosa. «Eu sempre digo que

Isidro, coas súas roupas de cores vivas, era como unha metáfora da primavera nesta cidade tantas veces de neboeiros e griseira; unha bolboreta. A el mesmo gústaballe o tempo cálido e a claridade, algo que tamén cadraba coa súa visión esperanzada e optimista».

Lois Pérez, pola súa banda, defínese como alguén «namorado da vida e senbible; sempre disposta á gargallada» cunha virtude «non tan habitual» entre os que amosan gran calidade literaria: «Frente aos que pensan que inventaron o caldo, era unha xenerosa e boísima persoa, alguén que incitaba aos máis novos e axudaba a quen tiña menos traxectoria ca el».

O poeta da Piringalla destaca de Novo o seu compromiso libérrimo «coa lingua e a cultura galegas» e como 'CO2' —e cita a Darío Xohán Cabana— verque as súas palabras «sobre os que sofren a historia; os e as ninguén, as tumbas da vida, os viaxeiros atrapados, os que piden nas portas dos supermercados...». Unha segunda parte do poemario é máis introspectiva: «A escolla das palabras sobre o estado de ánimo, a preocupación por Europa e polo noso país, pola perda da identidade... unha das cousas que destacan do trazo e da boa poesía de Isidro Novo é de que maneira era quen de dotar as palabras cun novo significado, de xeito que enigmatizasen o que revelan».

Para Isidro Novo non había distinción posible entre alta cultura e cultura popular. Calquera manifestación artística estaba feita do mesmo material. «Lémbroo emocionado polo sublime que lle parecera un poema á traída da auga que fixera un home de Mondoñedo», desvela Reigosa. «Todo lle era interesante —sinala Pérez. O día que me deu 'CO2' para que llo presentase quedáramos no Nevada. Falou co camareiro do sal das tapas e logo fomos ao estudo do Bordell, onde os dous analizaban películas surrealistas francesas».

Coinciden Lois Pérez e Antonio Reigosa que Isidro Novo estaba contento con este traballo. «Dicía como fluía a escrita; o cómodo que se sentira na súa composición», sinala Reigosa. E Pérez apunta: «En 'CO2' oes a voz honesta do Isidro clarisimamente. Percibes o seu abandono ao fermoso acto de escribir».

Francisco Macías, o editor de Positivas, lembrou onte como o chamara un día Novo para contarlle que tiña un poemario que só podía publicar el. «Eu nin o lera e díxenlle que si; tal era a confianza; supuxen que sería un libro atrevido, libertario e provocador e aí está a razón de ser da editorial Positivas».

Macías coñeceu a Isidro Novo no Mesón do Forno. «Eu traduci-ra a autobiografía de Xerónimo, o líder apache, e el contárame que estaba a escribir unha novela de vaqueiros, a que logo sería 'Por unha presa de machacantes', unha parodia dos spaguetti western que transcorría na Chaira eña que Lugo era Hollywood. Con Isidro sempre fun a cegas».



Cheo ata a bandeira na presentación do poemario. J. VÁZQUEZ